


# INFORME DE RESULTADOS DO PLAN ANUAL DE AVALIACIÓN DAS USUARIAS E USUARIOS

---

Curso 2019/20

R4 MC-05 P1



## INFORME DOS RESULTADOS DO PAESU

Durante o curso 2019/2020 só puideron desenvolvéronse as actividades de avaliación de satisfacción formalizadas no PAESU durante o primeiro cuadrimestre; a circunstancia da pandemia da COVID-19 e o Estado de Alarma fixeron imposible a realización de xuntanzas presencias que foron substituídas po la virtualidade tal e como se explicará a continuación.

No que se refire á ficha 1 (2019-PAESU/01) consistente nas reunións cos Delegados/as de cada curso do grao en Xeografía e Historia, tanto na modalidade presencial e representantes da Delegación do estudantado, para avaliar a dinámica do curso e do centro por parte do decanto/coordinación de Calidade, tivo lugar unha xuntanza unha primeira xuntanza de acollida ao inicio do curso (05/09/2019) e outra ao remate do primeiro cuadrimestre (06/02/2020) con resultados satisfactorios, xa que a asistencia foi xeneralizada e houbo interesantes aportacións dende as perspectivas de representación do alumnado. Os aspectos máis salientables destas xuntanzas foron expostos á Coordinadora do grao, así como debatidos na Comisión de Calidade e na Xunta de Facultade. Todas as demandas foron debidamente contempladas e nos casos necesarios remitidas aos organismos pertinentes, tal e como figura nas actas relativas aos informes. Sen dúbida esta actividade resultou altamente satisfactoria e contribuíu a mellora continuada. O problema da ausencia de delgado/a de 4º curso, foi resolto e participou activamente na xuntanza.

Así mesmo, no que se refire a ficha 2 (2019-PAESU/02), que ten como obxecto avaliar a dinámica do curso e do centro na modalidade semipresencial tamén coa supervisión por parte do decanto/coordinación de Calidade, se celebrou unha primeira xuntanza de acollida ao inicio do curso (15/09/2020) ; cando estabamos a punto de concretar unha nova data, decretouse o Estado de Alarma. Con este grupo, polas diversas condicións e complicado determinar unha cita global. En calquera caso, as dúbidas son consultadas a través dos/as seus representantes, así como as posibles incidencias.

No que se refire a ficha 3 (2018-PAESU/03) relativa ao alumando do PCEO do grao de Turismo e Xeografía e Historia, se celebrou unha primeira xuntanza de acollida ao inicio do curso cos de 1º (10/09/2019) e outra no remate do primeiro cuadrimestre (06/02/2020) con conxunto do alumnado matriculado, cun resultado óptimo en relación á súa satisfacción e as propostas de mellora realizadas, que se levaron á Comisión de Calidade e á Xunta do Centro.




A partir do decreto do Estado de Alarma a interacción entre a decana/coordinadora de calidade coa

representación do alumnado (11 alumnas e alumnos dos tres grupos mencionados en cada ficha) foi constante a través dun grupo de WhastApp que xa estaba creado previamente para a comunicación en ambas direccións de aspectos importantes relacionados co Centro e co Título. Todas as dúbidas, incidencias e novidades foron postas en común a través desta vía e se o asunto o requiría, se falaba directamente por teléfono.


O equipo decanal puxo a disposición da representación do alumnado outro medio de comunicación con todo o PDI e o PAS, ao convocar xuntanzas virtuais semanais (27/03/2020, 06/04/2020, 17/04/2020, 24/04/2020, 30/04/2020 e 08/05/2020) nun aula remota da facultade de Historia.

O día 02/05/2020 convocouse a todo o alumnado do Centro a unha xuntanza virtual para resolver calquera tipo de dúbida ou comentar incidencias ou inqedanzas.

Esta comunicación continua foi fundamental para un mellor desenvolvemento das actividades académicas nunha época tan convulsa para toda a comunidade universitaria.

Elaboración (responsable da actividade de avaliación)	Validación	
Responsables de Calidade do Centro 10/06/2020  Susana Reboreda Morillo Coordinadora de Calidade	Comisión de Calidade 7/07/2020  Susana Reboreda Morillo Pres. Comisión de Calidade	 Josefina Cadilla Lomba Sec. Comisión de Calidade

Aprobación en Xunta de Facultade:  
22/07/2020



Susana Reboreda Morillo  
Decana



Josefina Cadilla Lomba  
Secretaria